

25 ANOS
DA FACULTADE
DE CIENCIAS
DO DEPORTE E A
EDUCACIÓN FÍSICA /
INEF DE GALICIA
(1986-2011)

Universidade da Coruña

Coordinadores da edición:

Alberto Areces Gayo

M^a José Mosquera González

Rafael Martín Acero



LIBROS DE BASTIAGUEIRO [16]

Edición: INEF Galicia. Universidade da Coruña

ISBN: 978-84-9749-493-9

Depósito Legal: C 2991-2011

Fotografías cor: Joaquín Gómez Varela e Juan Patiño Varela


Realización gráfica: Xaniño, S.L. [www.xani.net]

PRIMEIRA PARTE. ASPECTOS ARQUITECTÓNICOS E HISTÓRICOS DO PAZO DE BASTIAGUEIRO

I. A CONSTRUCCIÓN DO PAZO DE BASTIAGUEIRO COMO ESCOLA DE CAPACITACIÓN AGRÍCOLA E RESIDENCIA DE ESTUDANTES

ALEJANDRO DE LA SOTA: O ARQUITECTO. CARACTERÍSTICAS ARQUITECTÓNICAS DO PAZO DE BASTIAGUEIRO

Dr. Arquitecto José Ramón Soraluce Blond, Catedrático Escola Superior de Arquitectura. Universidade da Coruña.




ALEJANDRO DE LA SOTA: O ARQUITECTO

Unhas páxinas serven para glosar a figura de Alejandro de la Sota (1913 – 1996), que foi o arquitecto do edificio que hoxe alberga o coñecido como INEF de Galicia, actualmente Centro Universitario da Universidade da Coruña. Entre os máximos expoñentes da arquitectura española do século XX, encóntranse os dous arquitectos máis destacados de Galicia no século pasado, Antonio Palacios Ramilo e Alejandro de la Sota, o primeiro como mestre indiscutible do eclecticismo e De la Sota o máis importante arquitecto racionalista español. Soamente o feito da súa orixe galega e de ser ambos fillos da provincia de Pontevedra, pode servir de escusa para unir os seus nomes, xa que a súa radicalmente distinta maneira de entender a arquitectura convérteos en polos opostos do panorama construtivo español do século pasado. Porén, e non volveremos a insistir neste punto, no edificio do INEF de Bastiagueiro, hai detalles que poderían supoñer unha confluencia de intereses.


O recurso de De la Sota ás formas e estruturas autóctonas, ao galego como medio de expresión afín a un destino vinculado ao agro galego, como era esta Escola de Capataces Agrícolas de Bastiagueiro, está en consonancia cos intentos de moitos arquitectos españois, tras a guerra civil, de encontrar novas solucións na tradición da nosa arquitectura vernácula. Nesa liña hai que entender as arcarías, as torres grandes, as ameas, o uso do granito etc. cos que De la Sota proxectou o actual INEF. Mentres que arquitectos como Palacios usaban de forma pouco comedida, con máis paixón ca criterio, os recursos locais ou históricos da arquitectura española. Porén, encontramos nestas primeiras obras de carácter rexional de De la Sota o sentido funcional e medido, a austeridade e o rigor, que posteriormente caracterizarán a súa produción arquitectónica. A forma de compoñer as fachadas do INEF, a ordenación de ocos cadrados e óculos nos paramentos do edificio, ou o deseño mesmo dos pórticos de columnas, usando voluminosos cilindros, son boa mostra dunha interpretación moderna do tradicional pazo galego, ao que pretende simular o edificio.



Volumetría e deseño xeométrico do Pazo de Bastiagueiro.



Composición de ocos cadrados.



Pano mural con óculos e ventanucos.



Soportal sobre cilindros de cantaría.

Alejandro de la Sota naceu na cidade de Pontevedra o 20 de outubro de 1913, no edificio do café Moderno, onde residía a súa familia. Tras estudar dous anos na Facultade de Ciencias Exactas na Universidade de Santiago de Compostela, trasládase a Madrid onde obtén o título de arquitecto en 1941 na Escola Técnica Superior de Arquitectura desta cidade. Como o resto de alumnos desa xeración que sae da Escola Técnica tras a guerra civil, vai ter que enfrontarse a unha situación pouco propicia para o desenvolvemento da profesión, de costas á situación internacional da Arquitectura Moderna, xunto cos seus compañeiros de curso Sáez de Oiza ou Félix Cabrero; non obstante, a súa sólida formación permitiralles superar estes escollos e converterse nos máis destacados mestres do Movemento Moderno en España, unha auténtica xeración de vangarda.

A unha primeira etapa da súa obra pertencen os seus proxectos no Instituto Nacional de Colonización, institución na que traballará entre os anos 1941 e 1947, que tiña como obxectivo a reconstrución e planificación das zonas rurais devastadas pola guerra. A historia da colonización interior en España durante a ditadura de Franco, correu a cargo do Instituto

Nacional de Colonización (I.N.C.). O novo réxime político que xorde tras o conflito trataba de resolver as necesidades primarias da poboación rural mediante o que equivalía a unha reforma agraria. En realidade, habería que comezar matizando o uso desta terminoloxía; terase bastante coidado á hora de empregar o termo “reforma”, unha palabra demasiado utilizada durante a II República e que polo tanto será obviada en todo o proceso. O punto de arranque para estas intervencións hai que situalo na redacción do propio Programa de Falanxe, un programa que desenvolvía 26 puntos, onde se comprometían a emprender a transformación da agricultura, desde un cambio económico e social, a un forte desenvolvemento na política de ordeación de montes e do sector gandeiro.

O primeiro paso emprendido polo novo Estado será a creación do Servizo de Reforma Económico e Social da Terra, que rapidamente se converte nunha especie de dirección xeral con diferentes subsecretarías, co que se perde o sentido unitario do seu labor. Deste modo, creouse a Dirección Xeral de Colonización que terá unha curta existencia ao considerarse a necesidade dun órgano con poderes centralizados que evitase unha disgregación de esforzos, feito que sería moi negativo para un órgano das características operativas e funcionais deste. A partir destes momentos xurdirá un instituto autónomo, creado por Decreto de 18 de outubro de 1939, denominado “Instituto Nacional de Colonización” que sucede a esta dirección xeral, cun Consello Nacional de Colonización constituído o 28 de novembro de 1939 e que se converteu no principal brazo executor da política agraria do franquismo. Entre o persoal técnico de dito instituto encontramos nos primeiros momentos ao mozo Alejandro de la Sota.

A partir de 1941, o franquismo regulou a creación dos Grupos Sindicais de Colonización, como entidades formadas polos propios colonos que encamiñan, a través da Obra Sindical de Colonización, as peticións de axudas sociais e técnicas do campo, a formación e a asistencia mínima, que se traducirá en proxectos de poboacións, infraestruturas para poboacións e centros de formación agraria, forestal e gandeira. Os cambios institucionais comezan, en primeiro lugar, co cesamento no Ministerio de Agricultura de Miguel Primo de Rivera e a entrada de Carlos Rein Segura no cambio de Goberno acaecido o 18 de xullo de 1945; seguidamente, coa creación dunha importante Lei de 27 de abril de 1946, denominada de “Colonización de Interese Local”. Este proceso foi o máis peculiar e significativo dentro da teoría do urbanismo na España contemporánea pois posibilitou a realización do soño de todo arquitecto e urbanista, o deseño de poboacións, marcando así o seu ideal de cidade a través dos parámetros básicos da arquitectura. Neste panorama hai que situar o proxecto e construción por

Alejandro de la Sota do poboado de Esquivel (Sevilla) entre 1945 e 1953. Pero estas poboacións tiveron unha determinada estrutura urbana e unha forma de control que escapaba á cuestión puramente produtiva, reflectindo as tendencias sociais e políticas do momento, como o tradicionalismo e a conduta paternalista da Administración, que incidían directamente nos proxectos arquitectónicos. Esta tarefa foi encomendada a mozos arquitectos que na maioría das ocasións iniciaron así as súas carreiras profesionais. Cando hoxe se analiza o nacemento, nos anos corenta e cincuenta, dunha nova arquitectura en España, resulta habitual a referencia á breve nómina de arquitectos que o fixeron posible, sinalando o excepcional logro dos seus Poboados de Colonización, entre os que se atopa De la Sota. En conxunto, sen ser homoxéneas, estas experiencias forman parte do camiño percorrido pola arquitectura española de entón, a partir da arquitectura popular, na súa procura da modernidade.

Os seus traballos iniciais no Instituto Nacional de Colonización, achegan o arquitecto De la Sota á realidade da arquitectura popular española, da que se considera un admirador e á que atribúe a única verdade na construción. O encontro de De la Sota coa nosa arquitectura popular non é en absoluto mimético ou pintoresco; o poboado de Esquivel é boa mostra disto. Este achegamento ao costumista e ás raíces da arquitectura rexional, non permiten adiviñar a traxectoria radicalmente oposta que seguirá o arquitecto no futuro. A súa indagación na construción tradicional fórmulaa como unha alternativa á arquitectura oficial do momento franquista, ecléctica e grandilocuente.

Durante este período, ao servizo da Administración, realizará o proxecto para a Escola de Capataces de Bastiagueiro na Coruña, cando tiña 35 anos. Con anterioridade ao proxecto para Bastiagueiro, Sota xa realizara outra Escola de Capataces, en colaboración cos Enxeñeiros Agrícolas Ángel Martínez Borque e José Baquer, en 1945, na localidade de Guimenels, provincia de Lleida. Este é un proxecto pouco coñecido pero publicado no número 83 da Revista Nacional de Arquitectura. Era a súa primeira obra ao entrar a traballar no INCC.

Nesta primeira etapa da súa carreira, a obra de De la Sota atópase bastante próxima á arquitectura que se leva a cabo no resto do país e tras proxectar a vivenda na rúa Doctor Arce en Madrid considera o camiño que tomara como concluído e retírase brevemente para tratar de atopar un novo rumbo na súa carreira. O punto de partida desta nova etapa segundo as súas propias palabras foi *“un breve libro con las obras que Gropius y Breuer realizaron a su llegada a los Estados Unidos. Ví la claridad (...), fue una liberación”*.

Como escribiu Rodríguez Cheda, profesor da Escola de Arquitectura da Coruña, onde Sota ten un enorme número de admiradores e estudosos, a xeración da posguerra, a primeira xeración tras a guerra Civil, simularon a Modernidade tardiamente e de forma intuitiva, debido á ruptura de comunicacións co racionalismo internacional do momento, considerando a este grupo de arquitectos titulados nos anos corenta como unha promoción desarmada de pensamento crítico.

Na súa segunda etapa profesional é onde De la Sota comeza a dar mostra do seu enorme talento, levando a cabo obras que cos anos se converterán en referente para toda a arquitectura española da segunda metade do século XX. Son obras como o Goberno Civil de Tarragona, a TABSA e o tan admirado ximnasio para o Colexio Maravillas en Madrid. Neste edificio as aulas dispóñense sobre unhas cimbras metálicas invertidas que resolven á vez a cuberta do ximnasio posibilitando a entrada da luz desde o sur ao mesmo tempo que se facilita unha ventilación cruzada continua do espazo do ximnasio. É unha decisión construtiva e funcional a que dá lugar a este espazo e non unha cuestión meramente formal ou compositiva. Esta obra xunto coa do Goberno Civil de Tarragona supón o fin ao proceso de procura do estilo propio iniciado naqueles anos.

As ideas coas que leva a cabo cada proxecto son poucas e moi precisas, deixando que sexa a propia lóxica técnica e construtiva a que dea o remate final ao edificio. Este aspecto será unha constante ao longo da súa carreira e a súa vida, polo que sempre mantivo unha actitude expectante fronte ás innovacións técnicas. Este interese polos materiais e medios construtivos do seu tempo relaciónao con Frank Lloyd Wright, cuxa admiración se manifesta mediante multitude de debuxos da obra do mestre americano e sobre todo do complexo para a compañía Johnson. Expresou tamén en múltiples ocasións unha profunda admiración por Le Corbusier, do que louva a súa elegante naturalidade na resolución dos problemas. De la Sota recoñece en Le Corbusier a un dos seus escasos mestres. Manifesta o seu interese na vida e a obra de Mies Van der Rohe, no que se inspira sutilmente para a realización do proxecto para a sede do Bankunion, consistente nun volume prismático puro cun dobre pechamento de vidro translúcido.



Para entender o panorama da arquitectura española en vida de Alejandro De la Sota, hai que lembrar que tras a guerra civil, na década dos corenta, esqueceuse a arquitectura das vangardas e volveuse ao academicismo e ao rexionalismo. Soamente algunhas excepcións como Luis Moya destacaron neste período, cunha obra de gran calidade construtiva, baseada nas fontes do pasado clásico e barroco. Nos anos cincuenta, mozos arquitectos cata-

láns inician o retorno á modernidade, sen renunciar ao uso de técnicas e materiais vernáculos. As figuras consagradas do Movemento Moderno como Le Corbusier, Mies, Gropius ou Wright volveron ser os modelos de referencia. Dunha forma máis decidida, entre 1950 e 1970, a nosa arquitectura recuperou o fío perdido coas correntes internacionais e mantívose fiel ao Movemento Moderno, respondendo por igual ás correntes racionalista, neoexpresionista, orgánica e brutalista, que se desenvolvían nestas décadas.

No ano 1965, De la Sota iniciou o seu labor docente na Escola de Arquitectura de Madrid na que traballará durante 16 anos. Ocupase durante varios anos da materia de Proyectos en distintos cursos ata que en 1967 é nomeado encargado da Cátedra de Elementos de Composición. Durante a súa longa etapa como profesor realiza numerosos cursos e conferencias a nivel internacional. Entre os seus destinos máis destacados atópanse Londres (Architectural Association), Munich (Escola de Arquitectura) e a Universidade de Harvard. Permanece neste cargo ata 1972, ano no que se retira da docencia para adicar todo o seu tempo a traballar no seu estudio. Froito deste retiro son obras como a Casa Domínguez na Caeira (1976), o Colexio dos Padres Maristas na Coruña (1974), o proxecto da Urbanización na rúa Velázquez (1977) e o edificio dos Novos Xulgados de Zaragoza (1986).

Destacan tamén as súas actuacións en contextos con forte carga histórica como as vivendas da rúa Prior en Salamanca (1963), nas que actúa con aire renovador sen renunciar por iso á integración. Para De la Sota a realización material da obra era unha parte esencial e inseparable do proceso creativo; é máis, para De la Sota a realización mental do proxecto presupón os materiais e os sistemas construtivos e estes elementos deberían estar claros antes de debuxar a primeira liña. Magnífico debuxante, pintor e incluso pianista, Alejandro De la Sota, explorou todos os campos artísticos realizando tamén deseños de mobles, onde se aprecia claramente a influencia dos traballos de Breuer. O fundamental tanto dos mobles coma da súa arquitectura é a necesidade de resolver un problema formulado; a beleza pode ser un valor engadido, un resultado pero nunca un punto de partida.

Alejandro De la Sota dá unha gran importancia ao medio natural e social no que se leva a cabo a actividade do home e polo tanto tamén a arquitectura. O proxecto debe reflectir en gran parte o lugar no que se localiza. Demostrou coa súa obra unha gran capacidade de adaptarse a distintos programas de necesidades e en diferentes lugares sen deixar en ningún momento de ser coherente co seu tempo e coa súa idea do que debía ser a arquitectura.



ALEJANDRO DE LA SOTA: PROXECTOS

1945–1953: Poboado de Esquivel para o Instituto Nacional de Colonización, Esquivel, Sevilla.

1945: Casas para Ramón de Dios, Pontevedra, para o Sr. Pareva en Guipúscoa.

1945: Escola de Capataces Gimennells, Lleida, cos enxeñeiros agrícolas Ángel Martínez Borque e José Baquero.

1948: Edificio administrativo en Vigo, Pontevedra, con José María Iturriaga (Concurso).

1948: Escola de Capataces en Bastiagueiro, A Coruña (INEF-G).

1953: Casa da Avenida Doctor Arce, Madrid.

1954: Proxecto Deputación Provincial da Coruña (Concurso).

1955–1956: Poboado de Fuencarral B, Madrid.

1956: Proxecto Igrexa Parroquial, Vitoria.

1956: Proxecto Delegación de Facenda, A Coruña.

1956–1963: Goberno Civil de Tarragona, Tarragona.

1957: Proxecto Parroquia de San Esteban, Cuenca.

1957–1958: Talleres aeronáuticos TABSA, Madrid.


1957–1959: Residencia de verán infantil, Miraflores de la Sierra, Madrid.

1958–1962: Ximnasio do Colexio Maravillas, Madrid.

1959–1963: Central Lechera CLESA, Madrid.



Goberno Civil de Tarragona. 1956.



Interior do ximnasio do Colexio Maravillas. 1958.

- 1959–1966:* Vivenda de Alejandro de la Sota, Madrid.
- 1962–1963:* Vivendas na rúa do Prior, Salamanca.
- 1962–1964:* Casa Valera, Vilalba.
- 1965–1967:* Edificio industrial CENIM, Madrid.
- 1966:* Polideportivo, Pontevedra.
- 1966–1967:* Colexio Residencia Caixa de Aforros Provincial, Ourense.
- 1967–1968:* Colegio Mayor César Carlos, Madrid.
- 1970:* Proxecto Edificio Bankuni3n, Madrid.
- 1972:* Aulas e Seminarios da Universidad de Sevilla, Sevilla.
- 1973–1976:* Centro de C3lculo da Caja Postal, Madrid.
- 1974:* Banco Pastor, Pontevedra.
- 1975:* Proxecto para a compa3a3a Aviaco, Madrid.
- 1976:* Casa Dom3nguez (A Caeira), Pontevedra.
- 1980:* Proxecto Museo Provincial, Le3n.
- 1980–1983:* Edificio de Correos e Telecomunicaci3n, Le3n.
- 1984:* Proxecto urbanizaci3n en Alcludia.
- 1986:* Proxecto edificio de vivendas na M-30, Madrid.
- 1986–1989:* Edificio Caixa Postal de Aforros, Madrid.
- 1989–1991:* Proxecto ampliaci3n da Embaixada Espa3ola, en Par3s.
- 1990:* Biblioteca Universitaria, Santiago de Compostela.
- 1991:* Proxecto Edificio de vivendas sociais, Madrid.
- 1991–1993:* Edificio de Xulgados, Zaragoza.